

Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



RESOLUCIÓN REITORAL DE 13 DE OUTUBRO DE 2021 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE BOLSAS ERASMUS + KA107 PARA ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO CON PAÍSES ASOCIADOS PARA O ANO ACADÉMICO 2021/2022

A Universidade de Vigo, como institución elixible trala obtención da ECHE (Erasmus Charter for Higher Education) para participar no programa Erasmus+, presentou proxectos de mobilidade perante o SEPIE no marco da acción Erasmus+ KA107.

Trala aprobación dos proxectos **2019-1-ES01-KA107-063126** e **2020-1-ES01-KA107-081469**¹, asinou convenios de colaboración co SEPIE e asinou acordos bilaterais de intercambio de estudantes con institucións de ensino superior dos países asociados elixibles para participar neste programa no marco da acción K107.

En virtude destes convenios e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade, e vista a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar 28 bolsas Erasmus+ Estudos da Universidade de Vigo en réxime de concorrencia competitiva destinadas a estudantes da Universidade de Vigo que desexen cursar estudos no ano académico 2021/22 nas institucións de ensino superior que aparecen no anexo II desta convocatoria.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> (Taboleiro de anuncios) e no [Portal de bolsas \(https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas\)](https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

M^a Isabel Doval Ruiz

¹ Estes proxectos están cofinanciados polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.

ANEXO I**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA BOLSAS DE INTERCAMBIO ACADÉMICO 2021/2022 NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ KA107 CON PAÍSES ASOCIADOS****1. OBXECTO**

Estas bolsas están destinadas ao estudiantado da Universidade de Vigo que cumpra os requisitos indicados para cada unha das prazas, co fin de realizar estudos nas universidades participantes no proxecto que figuran no Anexo II.

2. REQUISITOS XERAIS

Poderá participar na presente convocatoria o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadá/n dalgún dos 27 países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, dun país candidato á adhesión (Albania, Montenegro, República de Macedonia do Norte, Serbia, e Turquía) Suíza ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refuxiado/a en España. Poderán participar aquelas persoas que, non sendo nacionais dun dos países participantes no Erasmus+, o sexan de terceiros países e estean en posesión dun permiso de residencia válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.
- b) Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas en quen concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro *Lei Xeral de Subvencións*.
- c) Non realizar máis de 12 meses de estada Erasmus nas diferentes modalidades (estudos e prácticas) durante o mesmo ciclo de estudos (Grao, Mestrado ou Doutoramento). Por este motivo, non poderá participar nesta convocatoria o estudiantado que gozou con anterioridade dunha estada superior a 9 meses no mesmo ciclo de estudos. Compútanse como realizadas no Grao as bolsas Erasmus realizadas nun Ciclo Superior de Formación Profesional.
- d) No caso do alumnado de grao, deberán ter superado un mínimo de 60 ECTS.

3. REQUISITOS ESPECÍFICOS

Os requisitos específicos para cada país asociado, encóntranse detallados no Anexo II da presente convocatoria.

4. DURACIÓN DAS BOLSAS

As bolsas terán unha duración mínima de tres meses e máxima de cinco meses. A duración concreta da mobilidade de cada praza no país asociado encóntrase detallada no Anexo II.

5. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa é incompatible con calquera outra axuda de entidades públicas e privadas para a mesma finalidade e/ou período.

Non poderán solicitar esta bolsa os/as estudantes que gocen doutra bolsa de intercambio promovida pola Oficina de Relacións Internacionais durante o mesmo período.

O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, General de Subvenciones.

6. DOTACIÓN ECONÓMICA

O importe total desta acción ascende a un máximo de 107.250 € con cargo á aplicación orzamentaria 2022ORI1121DEXT48210. Por tratarse dun expediente de tramitación anticipada, a contía total máxima ten carácter estimado e queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento no que a Universidade recoñeza a obriga coas persoas beneficiarias.

O financiamento para as bolsas á mobilidade ao abeiro desta convocatoria procede de fondos da Comisión Europea, que se xestionan polo Servicio Español para la Internacionalización de la Educación.

A contía máxima da bolsa será:

- a. Contía por manutención-apoio individual: 700 € por mes. No caso de meses incompletos, calcularase multiplicando o número de días do mes incompleto por 1/30 da axuda mensual.
- b. Contía por viaxe: Importe de 360 € para Albania e Bosnia e Hercegovina; 1500 € para Australia, Cambodia, Chile, China, Ecuador e O Salvador; 530 € para Cabo Verde, Rusia e Ucraína e 820 € para Xeorxia, calculadas a través da ferramenta da Comisión Europea: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm

A contía aboarase en tres prazos:

No primeiro prazo, o/a beneficiario/a recibirá o importe íntegro correspondente á bolsa de viaxe, unha vez asinado o convenio entre a Universidade de Vigo e o participante e tras recibir a confirmación de aceptación por parte da universidade de destino.

O segundo prazo corresponderase co 80 % da bolsa de manutención-apoio individual, que se ingresara ao/á beneficiario/a trala recepción do seu documento de chegada asinado pola universidade de destino.

O terceiro pagamento correspondente ao 20 % restante, realizarase ao finalizar a estadía, tras a entrega de toda a documentación xustificativa.

7. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas candidatas deberán:

1. Cubrir o formulario de participación en liña en <https://uvigo.moveon4.de/locallogin/614861f39c62011579567965/spa>.
2. Descargar o formulario unha vez cuberto
3. Presentalo sen ningunha alteración, xunto co resto de documentación requirida na convocatoria a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **ORI-Convocatoria Erasmus + ka107 2021-2022**.

En caso de precisar apoio de tipo técnico durante o proceso de presentación dos formularios poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

Só se aceptarán solicitudes presentadas a través da sede electrónica no prazo establecido, tal e como se indica nos parágrafos precedentes.

Para presentar a solicitude a través da sede electrónica admitiranse os seguintes sistemas de autenticación:

- Certificado dixital ou DNI electrónico
- Chave PIN
- Chave Permanente

Se, de xeito excepcional, algunha das persoas interesadas non dispón dos medios electrónicos necesarios para a súa identificación na sede electrónica, a súa identificación ou asinatura electrónica poderá ser realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de sinatura electrónica do que estea dotado para este fin. (artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.)

A seguinte documentación deberá ser presentada mediante sede electrónica xunto co formulario de participación debidamente cuberto:

- CV e documentación acreditativa dos requisitos específicos e méritos alegados conforme ao anexo II
- Proposta de mobilidade/Plan de actividades (asinado polo/a director/a de tese, para estudantes de doutoramento)
- Certificacións de coñecementos de idiomas (de ser necesario, consultar o anexo II). Os coñecementos previos poderán acreditarse mediante a presentación de certificacións oficiais:

O coñecemento de idiomas deberá acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións oficiais:

<http://www.acles.es/uploads/archivos/Tablas de Certificados septiembre 2020/Tablas de e certificados reconocidos por ACLES23 10 2020.pdf>

O Centro de Linguas realizará probas de acreditación de nivel no mes de xaneiro 2022 (<https://cdl.uvigo.es/certificacions-exames/certificacion-certacles/>)

Para efectos de comunicación, as persoas solicitantes deberán facilitar como enderezo de correo electrónico o enderezo do dominio alumnos.uvigo.es.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 3 de novembro de 2021 ás 23:59 (hora peninsular española).

8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo **de dez días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación presentando as alegacións a través da

sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) , mediante o procedemento de **SXER- Alegacións** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola comisión de selección correspondente segundo a puntuación establecida no anexo II.

Efectuada a selección polas comisións correspondentes, publicarase a listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais, mediante o procedemento **SXER- Alegacións** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Revisadas as alegacións polas comisións, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de resolución definitiva de persoas candidatas seleccionadas e en lista de agarda, se procede, á Vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para a súa publicación.

Os datos do estudiantado seleccionado serán enviados ás universidades socias. Estas xestionarán a súa admisión e selección de maneira definitiva.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións ás que se refire este punto publicaranse na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> (Taboleiro de anuncios) e no portal de bolsas (<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas>) da web da universidade e na seguinte ligazón: <https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudiantes-saintes>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán aceptar a concesión da bolsa no prazo de 10 días hábiles desde a publicación da resolución definitiva de adjudicación do destino, mediante o procedemento **SXER- Instancia xenérica.**, presentada a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

O alumnado en lista de agarda que resulte seleccionado con posterioridade a este prazo, debido á renuncia de alumnado seleccionado previamente, deberá aceptar a bolsa a través da sede electrónica da Universidade de Vigo polo procedemento **SXER-Instancia xenérica.**

Toda renuncia a unha bolsa xa aceptada con anterioridade, deberá presentarse por escrito. Esta renuncia deberá presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **SXER-Instancia xenérica.**

10. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

a. entregar na ORI a seguinte documentación para xustificar a duración da súa estadía:

1. Antes do inicio da estadía:

-Tramitar un seguro que deberá cubrir a duración completa da estadía e viaxe. Desde a ORI informarase das condicións mínimas que debe conter (repatriación, etc).

-tramitar o seu visado e asegurarse das condicións deste, sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España.

-Elaborar un contrato de estudos en colaboración coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro ou da persoa encargada da súa titorización (director/a de tese, etc). As modificacións necesarias no contrato de estudos, deberán facerse no primeiro mes do cuadrimestre na universidade de destino. Se as modificacións inflúen na matrícula efectuada na Universidade de Vigo no curso 2021-2022, deberán ser notificadas polo alumnado á secretaría do seu centro na Universidade de Vigo unha vez aprobado o contrato polo coordinador/a.

-Asinar un convenio de subvención que lle será remitido desde a ORI e que deberá estar asinado polas dúas partes (alumnado e vicerreitora) antes do inicio da estadía.

- cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Ley General de Subvenciones.

2. Ao inicio da estadía:

-Certificación de chegada conforme ao modelo que lle será facilitado pola ORI

3. Unha vez finalizada a estadía:

-Certificado de realización da estadía **orixinal** asinado pola universidade de destino sen emendas nen riscaduras.

-Completar e enviar a enquisa UE (EU Survey) en liña **nos 30 días naturais posteriores** á recepción do correo electrónico para completala. De non facelo, a Universidade de Vigo poderá requirir aos/ás beneficiarios/as o reembolso da axuda financeira recibida.

11. REVISIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS

No caso de que o estudantado non leve a cabo a estadía ou parte dela, a Universidade de Vigo resérvase o dereito de reclamar o importe total ou parcial da bolsa.

Son causas de reintegro:

- Non cumprir cos requisitos e obrigas recollidos na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Ser beneficiario/a doutra bolsa ou axuda incompatible.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria e tramitar o pagamento das bolsas ás persoas que resulten beneficiarias e amparados pola lei Ley 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones, Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades e o Regulamento (UE) n ° 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013 , polo que se crea o programa «Erasmus+» , de educación, formación, xuventude e deporte da Unión e polo que se derogan as Decisións n ° 1719/2006/CE, 1720/2006/CE e 1298/2008/CE.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de Erasmus+ Ka 107. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado no parágrafo anterior e, en caso de non facelo, as consecuencias serán non poder realizar os trámites da convocatoria nin tramitar o pago da bolsa correspondente. Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo por medio das oficinas de asistencia en materia de rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos do responsable cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas s/n, 32004, Ourense (España). Teléfono: 988 368 834. Enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

ANEXO II

REQUISITOS DOS CANDIDATOS PARA OPTAR ÁS BOLSAS DE INTERCAMBIO ACADÉMICO DURANTE O CURSO 2021/2022 NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ KA107 CON PAÍSES ASOCIADOS

ALBANIA			
Universidade de destino	Aleksander Moisiu University		
Nº de prazas	2	Duración	4 meses
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo.</p> <p><u>Terá preferencia</u> o estudiantado matriculado no 4º curso do grao ou nun título de posgrao adscrito á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Facultade de Dereito, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou na Escola de Estudos Empresariais da UVigo</p> <p>Posuír un nivel de idioma que permita desenvolver as activades (Nivel mínimo B2 de inglés)</p>		
Criterios de selección	Expediente académico do grao		
Comisión de selección	<p>Presidenta: Laura Movilla Pateiro, directora Internacionalización.</p> <p>Secretaria: Belén Sánchez Ramos, profesora contratada doutora de Dereito Internacional Público</p> <p>Vogal: María Pardal Piñeiro, técnica de apoio da ORI.</p>		
Responsable do proxecto	Francisco José Torres		

AUSTRALIA			
Universidade de destino	University of Tasmania		
Nº de prazas	1	Duración	4 meses
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo.</p> <p><u>Terá preferencia</u> o estudiantado matriculado nas seguintes titulacións: programa de doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural, Grao en Enxeñaría Forestal e/ou afíns, Mestrado en Xestión da Biodiversidade e/ou afíns.</p> <p>Certificado C1 de inglés.</p>		
Criterios de selección	<p>Expediente académico (40 %)</p> <p>Publicacións científicas indexadas en incendios forestais e selvicultura (40 %)</p> <p>Outros méritos (20 %)</p>		
Comisión de selección	<p>Presidenta: Julia Armesto González, profesora titular na Escola de Enxeñaría Forestal</p> <p>Secretaria: Graciela Paz Bermúdez, profesora contratada doutora na Escola de Enxeñaría Forestal</p> <p>Vogal: Juan Picos Martín, profesor contratado doutor na Escola de Enxeñaría Forestal</p>		
Responsable do proxecto	Julia Armesto		

BOSNIA E HERZEGOVINA			
Universidade de destino	University of East Sarajevo		
Nº de prazas	4	Duración	5 meses
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estada na Universidade de Vigo.</p> <p><u>Terá preferencia</u> o estudiantado matriculado no grao en Xeografía e Historia, no PCEO en Turismo e Xeografía e Historia, no mestrado en Valoración, Protección e Xestión do Patrimonio Cultural ou no Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural</p>		
Criterios de selección	<p>a) estudantes de grao: Nota media sobre 10 incluíndo curso 2020-2021.</p> <p>b) estudantes de máster: Nota media sobre 10 do grao e do máster incluíndo curso 2020-2021.</p> <p>c) estudantes de doutoramento: Valorarase a calidade e impacto dunha selección realizada polo/a candidato/a dun máximo de 5 artigos e un máximo de 5 contribucións en congresos nos que figure como autor/a</p> <p>Soamente serán avaliados os méritos publicados (en papel ou formato electrónico) na data de fin de presentación das solicitudes. Documentación xustificativa: achegar copia dos méritos.</p> <p>Artigos en revistas no primeiro e segundo cuartil JCR, SJR-Scopus: 10 puntos</p> <p>Artigos en revistas no terceiro e cuarto cuartil JCR, SJR-Scopus: 8 puntos</p> <p>Artigos noutras revistas: 5 puntos</p> <p>*Os puntos de cada artigo ponderaranse por: 1 (se o solicitante é o primeiro autor), 0,8 (se o solicitante é o segundo autor) e 0,6 (de terceiro en diante)</p> <p>-Contribucións a congresos internacionais: 3 puntos</p> <p>- Contribucións a congresos nacionais: 2 puntos.</p> <p>*Os puntos de cada contribución a congreso ponderaranse por: 1 (se o solicitante é o primeiro autor), 0,8 (se o solicitante é o segundo autor) e 0,6 (de terceiro en diante)</p>		
Comisión de selección	<p>Presidenta: Susana Reboreda Morillo, decana da Facultade de Historia</p> <p>Secretaria: Elena de Uña, profesora titular da Facultade de Historia</p> <p>Vogal: Amelia Rodríguez Piña, directora Técnica da ORI</p>		
Responsable do proxecto	Susana Reboreda Morillo		

CABO VERDE			
Universidade de destino	Universidade de Cabo Verde		
	Universidade Técnica do Atlântico		
Nº de prazas	4	Duración	4 meses
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estadía nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo.</p> <p><u>Terá preferencia</u> o estudiantado matriculado no Programa de Doutoramento <i>Marine Science, Technology and Management (DO*MAR)</i>. O/a estudante deberá contar coa aprobación do/da director/a de tese na súa proposta de mobilidade.</p>		
Critérios de selección	<p>a) <u>Méritos Curriculares do/da solicitante (Máximo 70 puntos)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Non se poderá presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos. • Soamente serán computables os méritos publicados (en papel ou en formato electrónico con data definitiva de publicación) ata da data fin de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente. • Nos méritos alegados nos que consten máis de tres autores, a puntuación baixará segundo o seguinte rango: <ul style="list-style-type: none"> - ata 3 autores a puntuación total - ata 6 autores 10 % - ata 9 autores 20 % - ata 12 autores 30 % - ata 15 autores 40 % - mais de 15 autores 50 % <p>a.1. Comunicaci3ns a congresos, simposios e reuni3ns científicas.</p> <p>Documentaci3n xustificativa: valorarase a participaci3n (non a simple asistencia) a congresos con Comité Científico. Deberase presentar certificado de asistencia e participaci3n, onde conste o traballo presentado. A equivalencia estará en funci3n do nivel do congreso (nacional ou internacional):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Internacionais 2 - Nacionais 1 <p>a.2. Publicaci3ns</p> <p><u>REVISTAS:</u> Criterios de clasificaci3n</p> <p>Documentaci3n xustificativa: Achegarase copia do artigo. En todo caso deberá constar a data de publicaci3n, o nome da revista e os autores e autoras. A edici3n de teses de doutoramento e os resumos de comunicaci3ns a congresos aínda que sexan publicados nunha revista periódica non se considerarán neste apartado.</p>		

	<p>Ponderaranse tendo en conta os criterios das axencias avaliadoras dos méritos de investigación para os diferentes campos científicos. Terán preferencia as revistas JCR e puntuaranse en función do cuartil, partindo do seguinte baremo:</p> <p>Revista JCR:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Q1 15 - Q2 10 - Q3 y Q4 5 <p>Revista indexada noutras bases de datos 1</p> <p><u>MONOGRAFÍAS E LIBROS con ISBN</u>: Criterios de clasificación de monografías, tratados, libros e edicións críticas.</p> <p>Documentación xustificativa: Monografías e libros enteiros: Copia da portada e contraportada, da páxina na que constan o ISBN e a editorial, do índice e das páxinas primeira e última do libro. Capítulos de libro: Copia da portada e contraportada, da páxina na que constan o ISBN e a editorial, do índice e das páxinas primeira e última do capítulo. As puntuación máximas para conceder son:</p> <p>Monografías e libros enteiros</p> <p>Nacionais10 Internacionais15</p> <p>Capítulos</p> <p>Nacionais3 Internacionais6</p> <p>Só se considerarán aquelas obras que teñan ISBN.</p> <p>b) <u>Proposta de mobilidade/plan de actividades (Máximo 30)</u></p> <p>Interese, calidade e viabilidade da proposta de actividades para a formación do solicitante.</p> <p>Documentación xustificativa: Plan de traballo.</p>
<p>Comisión de selección</p>	<p>Presidente: Daniel Rey García, director do Campus do Mar. Secretaria: Amelia Rodríguez Piña, directora Técnica da ORI Vogal: Noelia Estévez Calvar, persoal de Campus do Mar.</p>
<p>Responsable do proxecto</p>	<p>Daniel Rey</p>

CAMBODIA			
Universidade de destino	National University of Management		
	Royal University of Law and Economics		
Nº de prazas	3	Duración	4 meses* <i>*posibilidade de ampliación ata 5 meses, previa autorización por parte da ORI</i>
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estada nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo.</p> <p><u>Terá preferencia</u> o estudiantado matriculado no programa de Doutoramento do ámbito Xurídico ou de Administración de Empresas/Economía. O/a estudante debe contar coa aprobación do/da seu/sua director/a de tese.</p> <p>Para as prazas deberase acreditar coñecementos da lingua inglesa mediante certificado oficial dun mínimo de B1.</p>		
Criterios de selección	<p>Valorarase a calidade e impacto dacordo cos criterios da CNEAI para os ámbitos xurídico e económico respecto a unha selección realizada polo/a candidato/a dun máximo de 5 artigos e un máximo de 5 contribucións en congresos nos que figure como autor/a (1,5 puntos por artigo, 1 punto por congreso de ámbito internacional e 0,5 puntos por congreso de ámbito nacional ata un máximo de 10 puntos en total).</p>		
Comisión de selección	<p>Presidenta: Laura Movilla Pateiro, directora de internacionalización Secretaria: Dolores Garza Gil, catedrática na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais Vogal: Jaime Cabeza Pereiro, catedrático na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais</p>		
Responsable do proxecto	Francisco José Torres		

CHILE			
Universidade de destino	Universidad Católica del Norte		
	Universidad Técnica Federico de Santa María		
Nº de prazas	1	Duración	5 meses
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo.</p> <p><u>Terá preferencia</u> o estudantado matriculado nalgunha destas titulacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos, - Grao en Enxeñaría da Enerxía, - Máster en Enxeñaría de Minas - Programas de Doutoramento baixo a dirección/codirección dalgún dos profesores adscritos á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Uvigo (listaxe dispoñible en: http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/) e contar coa aprobación do/a director/a de tese. No momento de formalizar a candidatura, o/a candidato/a debe presentar un plan de traballo na universidade de destino aprobada por un profesor do centro chileno solicitado. 		
Cráterios de selección	<p>A selección realizarase outorgando prioridade ao estudantado de doutoramento, en segundo lugar máster e por último grao.</p> <p>Ademais:</p> <p>a) estudantes de grao: Nota media sobre 10 incluíndo ata a publicación desta convocatoria.</p> <p>b) estudantes de máster. Nota media sobre 10 do grao e do máster ata a publicación desta convocatoria.</p> <p>e) Estudantes de doutoramento. Valorarase a calidade e impacto dunha selección realizada polo/a candidato/a dun máximo de 5 artigos e un máximo de 5 contribucións en congresos nos que figure como autor/a, segundo a posición que ocupe a revista na categoría correspondente (cuartil) dacordo co InCites Journal Citation reports, do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Artigos no primeiro cuartil: 10 puntos -Artigos no segundo cuartil: 5 puntos: <li style="padding-left: 20px;"><i>*Os puntos de cada artigo ponderaránse por: 1 (se o solicitante é o primeiro autor), 0,8 (se o solicitante é o segundo autor) e 0,6 (de terceiro en adiante)</i> -Conferencias internacionais: 3 puntos <li style="padding-left: 20px;"><i>*Os puntos de cada artigo ponderaránse por: 1 (se o solicitante é o primeiro autor), 0,8 (se o solicitante é o segundo autor) e 0,6 (de terceiro en adiante)</i> -Conferencias nacionais: 2 puntos. 		

	<i>*Os puntos de cada artigo ponderaríanse por: 1 (se o solicitante é o primeiro autor), 0,8 (se o solicitante é o segundo autor) e 0,6 (de terceiro en diante)</i>
Comisión de selección	Presidenta: Elena Mercedes Alonso Prieto, directora da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía Secretaria: Ángeles Saavedra, profesora titular na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía Vogal: Amelia Rodríguez Piña, directora Técnica da ORI
Responsable do proxecto	José Santiago Pozo Antonio

CHINA							
Universidade de destino	Xiamen University of China						
	Ocean University of China						
Nº de prazas	3	Duración	4 meses				
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estadía nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo.</p> <p><u>Terá preferencia</u> o estudantado matriculado no Programa de Doutoramento <i>Marine Science, Technology and Management (DO*MAR)</i>. (o/a estudante deberá contar coa aprobación do/da director/a de tese na súa proposta de mobilidade.</p> <p>Para as prazas en China deberanse acreditar coñecementos da lingua inglesa mediante certificado oficial dun mínimo de B1.</p>						
Critérios de selección	<p>b) <u>Méritos Curriculares do/da solicitante (Máximo 70 puntos)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Non se poderá presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos. • Soamente serán computables os méritos publicados (en papel ou en formato electrónico con data definitiva de publicación) ata da data fin de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente. • Nos méritos alegados nos que consten máis de tres autores, a puntuación baixará segundo o seguinte rango: <ul style="list-style-type: none"> - ata 3 autores a puntuación total - ata 6 autores 10 % - ata 9 autores 20 % - ata 12 autores 30 % - ata 15 autores 40 % - mais de 15 autores 50 % <p>a.1. Comunicacions a congresos, simposios e reunións científicas.</p> <p>Documentación xustificativa: valorarase a participación (non a simple asistencia) a congresos con Comité Científico. Deberase presentar certificado de asistencia e participación, onde conste o traballo presentado. A equivalencia estará en función do nivel do congreso (nacional ou internacional):</p> <table style="margin-left: 40px;"> <tr> <td>- Internacionais</td> <td style="text-align: right;">2</td> </tr> <tr> <td>- Nacionais</td> <td style="text-align: right;">1</td> </tr> </table> <p>a.2. Publicacións</p> <p><u>REVISTAS:</u> Criterios de clasificación</p> <p>Documentación xustificativa: Achegarase copia do artigo. En todo caso deberá constar a data de publicación, o nome da revista e os autores e autoras.</p>			- Internacionais	2	- Nacionais	1
- Internacionais	2						
- Nacionais	1						

	<p>A edición de teses de doutoramento e os resumos de comunicacións a congresos aínda que sexan publicados nunha revista periódica non se considerarán neste apartado.</p> <p>Ponderaranse tendo en conta os criterios das axencias avaliadoras dos méritos de investigación para os diferentes campos científicos. Terán preferencia as revistas JCR e puntuaranse en función do cuartil, partindo do seguinte baremo:</p> <p>Revista JCR:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Q1 15 - Q2 10 - Q3 y Q4 5 <p>Revista indexada noutras bases de datos 1</p> <p><u>MONOGRAFÍAS E LIBROS con ISBN</u>: Criterios de clasificación de monografías, tratados, libros e edicións críticas.</p> <p>Documentación xustificativa: Monografías e libros enteiros: Copia da portada e contraportada, da páxina na que constan o ISBN e a editorial, do índice e das páxinas primeira e última do libro. Capítulos de libro: Copia da portada e contraportada, da páxina na que constan o ISBN e a editorial, do índice e das páxinas primeira e última do capítulo. As puntuación máximas para conceder son:</p> <p>Monografías e libros enteiros</p> <ul style="list-style-type: none"> Nacionais10 Internacionais15 <p>Capítulos</p> <ul style="list-style-type: none"> Nacionais3 Internacionais6 <p>Só se considerarán aquelas obras que teñan ISBN.</p> <p>b) <u>Proposta de mobilidade/plan de actividades (Máximo 30)</u></p> <p>Interese, calidade e viabilidade da proposta de actividades para a formación do solicitante.</p> <p>Documentación xustificativa: Plan de traballo.</p>
<p>Comisión de selección</p>	<p>Presidente: Daniel Rey García, eirector do Campus do Mar Secretaria: Amelia Rodríguez Piña, directora Técnica da ORI Vogal: Noelia Estévez Calvar, persoal de Campus do Mar</p>
<p>Responsable do proxecto</p>	<p>Daniel Rey</p>

ECUADOR			
Universidade de destino	Universidad de Casa Grande		
	Universidad Nacional de Educación		
Nº de prazas	1	Duración	4 meses
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estadía nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo.</p> <p><u>Terá preferencia</u> o estudiantado matriculado no Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación na Universidade de Vigo (o/a estudante deberá contar coa aprobación do/da director/a de tese na súa proposta de mobilidade).</p>		
Criterios de selección	<p>a) Plan de traballo que desenvolverá na universidade de destino. Ata 70 puntos.</p> <p>b) Curriculum Vitae. Ata 30 puntos.</p> <p>Titulación previa vinculada a educación e expediente académico: ata 15 puntos</p> <p>Publicacións: ata 8 puntos</p> <p>Bolsas: ata 5 puntos</p> <p>Outros méritos: ata 2 puntos</p>		
Comisión de selección	<p>Presidenta: Angeles Parrilla Latas, catedrática na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.</p> <p>Secretaria: Manuela Raposo Rivas, secretaria do Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación.</p> <p>Vogais: Laura Movilla Pateiro, directora de internacionalización</p>		
Responsable do proxecto	Manuela Raposo Rivas		

XEORXIA			
Universidade de destino	Ivane Javakhishvili Tbilisi State University		
	Batumi Shota Rustaveli State University		
Nº de prazas	2	Duración	4 meses
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo.</p> <p><u>Terá preferencia</u> o estudiantado matriculado no Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI) ou no programa de doutoramento Tradución & Paratradución (T&P)</p> <p>Deberá achegarse unha carta de expresión de interese dirixida ben ao Prof. Dr. José Yuste Frías (jyuste@uvigo.es) ou ao Prof. Dr. Óscar Ferreiro Vázquez (oferreiro@uvigo.es) .</p> <p>Para as prazas deberase acreditar coñecementos da lingua inglesa mediante certificado oficial dun mínimo de B1.</p>		
Cráterios de selección	<p>A selección realizarase outorgando prioridade ao estudiantado de mestrado e, en segundo lugar, ao doutoramento.</p> <p>Valorarase o expediente académico (40 %), xunto co Currículum Vítae (CV) da persoa solicitante (60 %).</p> <p>No CV avaliarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - (20 %) a cantidade e a calidade das actividades formativas realizadas (cursos, xornadas, estadías previas, etc.) - (40%) a cantidade e a calidade das actividades de investigación (publicacións, participación en proxectos, asistencia a congresos, etc.). 		
Comisión de selección	<p>Presidente: Prof. Dr. José Yuste Frías, coordinador do Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional.</p> <p>Secretario: Óscar Ferreiro Vázquez, secretario do Mestrado</p> <p>Vogais: Profª. Drª Ana Luna Alonso, coordinadora do programa de Doutoramento Tradución & Paratradución, Prof. Dr. Alberto Álvarez Lugrís, secretario do programa de Doutoramento Tradución & Paratradución e Prof. Dr. Emmanuel Claude Bourgoïn Vergondy, coresponsable do proxecto.</p>		
Responsable do proxecto	Emmanuel Claude Bourgoïn Vergondy, José Yuste Frías e Óscar Ferreiro Vázquez		

O SALVADOR			
Universidade de destino	Universidad Centroamericana José Simeón Cañas		
Nº de prazas	2	Duración	4 meses
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estadía nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Terá preferencia</u> o estudiantado matriculado nos Programas de doutoramento baixo a codirección dalgún/dalgunha profesor/profesora que estea adscrito ao programa de Doutoramento “Programa de Doctorado en Creatividad e Innovación Social y Sostenible por la Universidad de Vigo” do Campus Crea (Campus de Pontevedra), na liña de investigación “Gobernanza e Innovación”, subliña “Innovación Institucional”, da UVigo. O/a estudante debe contar coa aprobación do/da seu/sua director/a de tese. <p>No momento de formalizar a candidatura, o/a candidato/a debe presentar un plan de traballo na universidade de destino aprobada por un/unha profesor/a do centro salvadoreño solicitado.</p>		
Criterios de selección	<p>A valoración realizarase do seguinte xeito:</p> <p>Valorarase a calidade e impacto dunha selección realizada polo/a candidato/a dun máximo de 5 artigos e un máximo de 5 contribucións en congresos nos que figure como autor/a ou coautor/a. Os criterios de calidade correspóndense co seguinte: 1 artigo SCOPUS=3 puntos, 1 artigo LATINDEX=1 punto, ata un total de 10 puntos entre ambas categorías, por candidato.</p> <p>No caso de que varios/as estudantes presenten a mesma puntuación, prevalecerá o/a estudante en virtude do obxecto do convenio coa UCA e o interese do intercambio en liñas de investigación coa Área de Ciencia Política e da Administración- Observatorio de Gobernanza G3 da UVigo.</p>		
Comisión de selección	<p>Presidente: Enrique José Varela Álvarez, profesor contratado doutor do equipo de investigación CPS1</p> <p>Secretario: Xosé María Mahou Lago, coordinador académico do Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional</p> <p>Vogal: Amelia Rodríguez Piña, directora Técnica da ORI</p>		
Responsable do proxecto	Enrique Varela Álvarez		

RUSIA			
Universidade de destino	Itmo University		
Nº de prazas	2	Duración	4 meses
	1		3 meses
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo.</p> <p><u>Terá preferencia</u> o estudantado matriculado nun programa de Mestrado ou de Doutoramento vinculado coa Química ou a Enxeñería química, tendo prioridade os/as candidatos/as de programas de doutoramento.</p> <p>O estudantado de doutoramento deberá contar coa aprobación do/da director/a de tese na súa proposta de mobilidade.</p>		
Criterios de selección	<p>Méritos Curriculares do/da solicitante e CV (máximo 70 puntos)</p> <p>Posibilidade de entrevista ás persoas candidatas seleccionadas (máximo 30 puntos)</p>		
Comisión de selección	<p>Presidente: Miguel Ángel Correa Duarte, profesor titular, departamento de Química física</p> <p>Secretaria: Margarita Vázquez González. Investigadora Juan de la Cierva na UVigo</p> <p>Vogal: Begoña Puértolas Lacambra, investigadora distinguida na UVigo</p> <p>Vogal: Lucas Vázquez Besteiro, Investigador Principal no CINBIO</p>		
Responsable do proxecto	Miguel Ángel Correa		

UCRAÍNA			
Universidade de destino	INSTITUTE FOR PROBLEMS OF CRYOBIOLOGY AND CRYOMEDICINE OF THE NATIONAL ACADEMY OF SCIENCES OF UKRAINE		
Nº de prazas	2	Duración	3 meses
Requisitos académicos	<p>Estar matriculado/a no curso 2021/22 e durante toda a duración da estadia na Universidade de Vigo.</p> <p><u>Terá preferencia</u> o estudantado matriculado no Programa de Doutoramento <i>Marine Science, Technology and Management (DO*MAR)</i>. (o/a estudante deberá contar coa aprobación do/da director/a de tese na súa proposta de mobilidade.</p> <p>Deberá aportarse unha carta de expresión de interese.</p> <p>Para as prazas deberase acreditar coñecementos da lingua inglesa. (Nivel mínimo B2)</p>		
Critérios de selección	<p>c) Méritos Curriculares do/da solicitante (Máximo 70 puntos)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non se poderá presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos. • Soamente serán computables os méritos publicados (en papel ou en formato electrónico con data definitiva de publicación) ata da data fin de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente. • Nos méritos alegados nos que consten máis de tres autores, a puntuación baixará segundo o seguinte rango: <ul style="list-style-type: none"> - ata 3 autores a puntuación total - ata 6 autores 10 % - ata 9 autores 20 % - ata 12 autores 30 % - ata 15 autores 40 % - mais de 15 autores 50 % <p>a.1. Comunicaci3ns a congresos, simposios e reuni3ns científicas.</p> <p>Documentaci3n xustificativa: valorarase a participaci3n (non a simple asistencia) a congresos con Comité Científico. Deberase presentar o abstract do traballo presentado e certificado e asistencia. A equivalencia estar3 en funci3n do nivel do congreso (nacional ou internacional):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Internacionais 2 - Nacionais 1 <p>a.2. Publicaci3ns</p> <p><u>REVISTAS:</u> Criterios de clasificaci3n</p>		

	<p>Documentación xustificativa: Achegarase copia do artigo. En todo caso deberá constar a data de publicación, o nome da revista e os autores e autoras.</p> <p>A edición de teses de doutoramento e os resumos de comunicacións a congresos aínda que sexan publicados nunha revista periódica non se considerarán neste apartado.</p> <p>Ponderaranse tendo en conta os criterios das axencias avaliadoras dos méritos de investigación para os diferentes campos científicos. Terán preferencia as revistas JCR e puntuaranse en función do cuartil, partindo do seguinte baremo:</p> <p>Revista JCR:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Q1 15 - Q2 10 - Q3 y Q4 5 <p>Revista indexada noutras bases de datos 1</p> <p><u>MONOGRAFÍAS E LIBROS con ISBN:</u> Criterios de clasificación de monografías, tratados, libros e edicións críticas.</p> <p>Documentación xustificativa:</p> <p>Monografías e libros enteiros: Copia da portada e contraportada, da páxina na que constan o ISBN e a editorial, do índice e das páxinas primeira e última do libro.</p> <p>Capítulos de libro: Copia da portada e contraportada, da páxina na que constan o ISBN e a editorial, do índice e das páxinas primeira e última do capítulo. As puntuación máximas para conceder son:</p> <p>Monografías e libros enteiros</p> <p>Nacionais10</p> <p>Internacionais15</p> <p>Capítulos</p> <p>Nacionais3</p> <p>Internacionais6</p> <p>Só se considerarán aquelas obras que teñan ISBN.</p> <p>b) <u>Proposta de mobilidade/plan de actividades (Máximo 30)</u></p> <p>Interese, calidade e viabilidade da proposta de actividades para a formación do solicitante en temas de criobioloxía ou criomedicina.</p> <p>Documentación xustificativa: Plan de traballo consensuado co investigador hospedador.</p>
Comisión de selección	<p>Presidenta: Estefania Paredes, investigadora Juan de la Cierva Departamento Ecología e Bioloxía Animal</p> <p>Secretaria: María Pardal, técnica da ORI</p> <p>Vogais: Celia Olabarria, profesora titular do departamento de Ecología e Bioloxía Animal</p> <p>Angel Perez Diz, profesor titular do departamento de Bioquímica, Genética e Inmunoloxía</p>
Responsable do proxecto	Estefania Paredes